

ID#741

Leduzo - Cerqueda - Malpica de Bergantiños, 1980-03
Informantes: Generosa (40), Calviño (45) e Celestino (40)
Compiladora: Dorothé Schubarth
Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina



Calviño:

¡Ai, Carmela reñiu con Xusto!
¡Ai, na carballeira d' abaixo!
¡Ai, porque lle picaba òn toxo!
¡Ai que levaba no refaixo!
Ai la le lo...

Generosa:

A subi-las escaleiras
unha pulgha me picou
collina polas orellas
que man de piñas levou.
Ai la la lo...

Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semana enteira
esa si que é muiñada
Ai la la...

Ai, chamáchesm' atrevediño
aí, por sobir por tu ventana,
atrevisdos son aqueles
ai, que dormen contigo en cama.

Se quere- la i-aughardente
vente pola ventaniña
inda non saquei a cama
do sitio de donde a tiña.

Calviño:

Si miña soghra morrio onte
ai, e enterreina no palleiro
ai, e deixei un brazo fora
ai, para toca-lo pandeiro.

Generosa:

Amor mío, se te vas
deixam' unha prenda túia
deixam' a túa navalla
(ai) para pica-la verdura.

Calviño:

Anda diciendo tu madre
que tu para mi no eres
que te colghe nun fumeiro
donde no veas mujeres.
Ai la ai la...

ID#741

Miña nai a maila túa
teñen un ruído armado
por culpa dunha ghalíña
que ten amistá co ghalo.

Ai la le lo...

Generosa:

Ai, o cura de Corcoesto
si, cando vai na percisión
leva cariña de santo,
os ollos de perdighón.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades